XUNTA DE GOBERNO LOCAL, DE DATA CINCO DE MAIO DE DOUS MIL DEZASEIS

SRES/AS ASISTENTES: **SR ALCALDE-PRESIDENTE:** JOSÉ M. BLANCO SUÁREZ **SRES/AS CONCELLEIROS/AS:** D/Dª MARIAN FERREIRO DIAZ D/Dª GUILLERMO SANCHEZ FOJO D/Dª MANUEL ANTONIO RAMOS RODRIGUEZ D/Dª NATALIA HERMIDA RICO D/Dª M.DEL MAR GOMEZ CASAL D/Dª CATALINA MARIA GARCIA BLANCO D/Dª PABLO VILLAMAR DIAZ **SRA. INTERVENTORA XERAL:** D/Dª MARIA DEL PILAR CANZOBRE MÉNDEZ **SR. SECRETARIO XERAL:** D/Dª ALFONSO DE PRADO FERNÁNDEZ-CANTELI	Na casa do Concello de Narón, ás 11:00 do cinco de maio de dous mil dezaseis, baixo a presidencia do Sr. O ALCALDE-PRESIDENTE, JOSÉ M. BLANCO SUÁREZ, reúnese a Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria. Asisten os/as corporativos/as que se sinalan á marxe. Actúa de secretario ALFONSO DE PRADO FERNÁNDEZ-CANTELI, O SECRETARIO XERAL. Aberta a sesión de orde da presidencia adoptáronse os acordos seguintes:

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR

Dada conta da acta da sesión anterior, a Xunta de Goberno Local, deulle a súa aprobación.

VOTACIÓN E ACORDO.- A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

3 **.- PROPOSTA DE SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á SECRETARÍA XERAL DE POLÍTICA LINGÜISTICA DA CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA PARA O MANTEMENTO DO SERVICIO DE NORMALIZACIÓN LINGÜISTICA DURANTE O ANO 2016.**.- Vista a proposta formulada que di asi:

O día 21-04-2016, a xefa de sección de Recursos Humanos elevou á concelleira delegada de Ensino e Bibliotecas o informe proposta co código ASI10I08D, do expediente ASI/38/2016, que literalmente di:

"INFORME-PROPOSTA DE SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á SECRETARÍA XERAL DE POLÍTICA LINGÜÍSTICA PARA FINANCIAR O MANTEMENTO DO SERVIZO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA EN 2016

Logo de ver o anuncio do 19 de abril de 2016, da Secretaría Xeral de Política Lingüística, pola que se establecen as bases para a concesión de subvencións ás entidades locais de Galicia para a promoción do uso da lingua galega, e se procede á súa convocatoria, quen subscribe solicítalle á concelleira delegada de Educación que someta a debate e votación da Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA:

Primeiro.- Solicitar a subvención á Secretaría Xeral de Política Lingüística da Consellería Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para o mantemento do

Servizo de Normalización Lingüística durante o ano 2016, de acordo co seguinte plan de financiamento:

Custos totais de persoal	42.384,06 euros
Achega do concello	0 euros
Subvención concedida pola Deputación da Coruña	12.000 euros
Contía da subvención solicitada	30.384,06 euros

Segundo.- No caso de ser concedido o importe da subvención por debaixo da cantidade solicitada non suporá a renuncia á subvención pois o gasto de persoal está incluído no orzamento do concello de 2016.

Terceiro.- Aceptar as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na devandita orde.

Cuarto.- Facultar ao señor alcalde-presidente para a sinatura de cantos documentos fosen precisos para formalizar a subvención."

Logo de ver o informe-proposta favorable dos servizos económicos do concello, co código ICO10I02D, esta concelleira delegada de Educación propón á Xunta de Goberno Local:
Primeiro.- Adoptar o acordo segundo a proposta transcrita en todos os seus termos.
Segundo.- Dar conta deste acordo aos servizos económicos do concello.
VOTACIÓN E ACORDO.- A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

4 **.- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PRAZO DE XUSTIFICACIÓN DAS SUBVENCIÓNS CONCEDIDAS ÁS ASOCIACIÓNS E ENTIDADES DEPORTIVAS DE NARÓN POLO ANO 2015.**.- Vista a proposta formulada que di asi: O administrador-xerente, con data 2 de maio de 2016, ditou o Informe-Proposta, que textualmente transcrito di:
"De conformidad co establecido no Artigo 175 do RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e seguindo instrucións do concelleiro/delegado de Deportes, a tal respecto formúlase o seguinte INFORME-PROPOSTA

A) ANTECEDENTES

O Concello Pleno en sesión celebrada o pasado día 28 de abril de 2016, aprobou as subvencións as Asociacións e Entidades Deportivas de Narón polo ano 2015.

O apartado 9.1 das Bases da Convocatoria del año 2015 establecía que o prazo para a xustificación sería "dentro do primeiro trimestre do ano natural seguinte".

B) CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

- *Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LBRL).*
- *RDL 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local.*

- *Lei 30/1992, de réxime xurídico e procedemento administrativo común.*
- *Lei 38/2003 de 17 de novembro xeral de subvencións.*
- *R.D. 887/2006 de 21 de xullo, que aproba o regulamento da lei xeral de subvencións.*
- *Lei 9/2007 de 13 de xullo, de subvencións de Galicia.*
- *Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, que aproba o regulamento da Lei 9/2007.*
- *Ordenanza xeral de subvencións do Concello de Narón.*
- *Bases de execución do orzamento en curso.*

C) INFORME-PROPOSTA

Tendo en conta o retraso de aprobación das subvencións do ano 2015, e tendo en conta que faise necesario establecer un novo prazo para a xustificación das ditas subvencións, proponse á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte acordo:
1.- Aprobar o prazo de xustificación das subvencións concedidas ás Asociacións e Entidades Deportivas de Narón polo ano 2015.
O prazo máximo para xustificar as subvencións aprobadas polo Concello Pleno en data 28 de abril de 2016, será o día 15 de xuño de 2016.
As Entidades deberán presentar polo Rexistro Xeral do Concello como prazo máximo o día sinalado, 15 de xuño de 2016, a documentación esixida nas Bases da Convocatoria.

2º.- Ordenar a publicación do acordo adoptado no Boletín Oficial correspondente.

Tomada razón da proposta, pola Intervención Xeral do Concello de Narón, o Concelleiro/delegado de Deportes por Resolución da Alcaldía, de data 2 de xullo de 2015, propón á Xunta de Goberno Local:

- Aprobar a proposta transcrita nos seus propios termos.

VOTACIÓN E ACORDO.- A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

5 **.- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA ACEPTANDO A CONCESIÓN PROVISIONAL DA DIPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA DA SUBVENCIÓN PARA COFINANCIAR O SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR.**.- Dase conta da seguinte resolución: A xefa do Servizo Sociocomunitario Municipal en data 21 de abril de 2016, ditou o informe-proposta de Resolución de Alcaldía da Xefa do Servizo Sociocomunitario Municipal, que textualmente dí;

"INFORME–PROPOSTA DA XEFA DO SERVIZO SOCIOCOMUNITARIO MUNICIPAL Á ALCALDIA

Asunto: Aceptación da concesión provisional da subvención da Deputación Provincial da Coruña para cofinanciar o Servizo de Axuda no Fogar- Libre Concorrencia.

A Xefa do Servizo Sociocomunitario Municipal que suscrebe, Yolanda Martínez García, en relación co Asunto de referencia, emite o seguinte Informe –Proposta de Resolución a Alcaldía.

ANTECEDENTES.

No Boletín Oficial da provincia número 72 de data 18-4-2016, publícase a resolución de concesión provisional da subvención dirixidas a concellos para o desenvolvemento de Servizos Socias no ano 2016,a contia concedida ao concello de Narón é de 19.289,25€.

Na Resolución Provisional se concede un prazo de 10 días hábiles para que os solicitantes poidan aceptar, desistir ou presentar a solicitude de reformulación da subvención.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS.

- *Lei 7/1985 , de 2de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL)*
- *RDL 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido da sdisposicións legaias vixentes en materia de réxime local 8(TRRL)*
- *Lei 38/2003, do 17 de noviembre, xeral de subvencións (LXS)*
- *RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, xeral de subvencións*
- *RDL 2/2014, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto Refundido da lei Reguladora das Facendas Locais.*
- *Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)*
- *Bases específicas e xerais da convocatoria, BOP 221 de data 18 de noviembre*
- *Bases de execución do orzamento do exercicio 2016*

DE ACORDO CO ANTERIOR PROPONSE A ALCALDIA A ADOPCIÓN DA SEGUINTE RESOLUCIÓN:

1ºAceptar a concesión Provisional da subvención para cofinanciar o Servizo de Axuda no Fogar- Libre Concorrencia realizada pola Diputación Provincial mediante a Resolución de concesión provisional publicada no BOP 72,e ao abeiro da Convocatoria de subvencións dirixida aos concellos e outras entidades locais da provincia para o desenvolvemento de servizos sociais no ano 2016 da Deputación Provincial da Coruña, publicada no B.O.P. núm. 221, de data 18-11-2015, de acordo co seguinte cadro de financiamento:

Proxecto de "SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR-LIBRE CONCORRENCIA"

Total do proxecto	*96.882,24€*
Achega provisional	*19.289,25€*
Achega do Concello	*77.592,99€*

2ºA achega municipal queda do seguinte xeito

Total do achega	*7 7.592,99€*
Aplicación Económica 11/23100	*33.291,84€*
Aplicación Económica 12/23104/22788 *Operación contable* *AD=89/16*	*44.301,15€*

Logo de ver o dito informe, fiscalizado pola Intervención Xeral coa toma de Razón o día 28 de abril de 2016, esta Alcaldía, no uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, **Resolve:**

-Aprobar a proposta transcrita nos seus propios termos.
A Xunta de Goberno Local, deuse por enterada.

6 **.- PROPOSTA DE APROBACIÓN DA XUSTIFICACIÓN DO PERÍODO SETEMBRO-DECEMBRO DE 2015, DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE NARÓN E CPI O FEAL, ANPA GALATEA, ANPA**

A BUXAINA E ANPA A SOLAINA, EN MATERIA DE "EDUCACION PARA A SAÚDE-NUTRICIÓN ESCOLAR"..- Vistas as propostas formuladas que din asi:

PROPOSTA PRIMEIRA.- A Xefa do Servixo Sociocomunitario, Mª Yolanda Martínez García, con data 13/04/2016, ditou o Informe-Proposta do Servizo Sociocomunitario, que textualmente transcrito di así :

ASUNTO: Aprobación da xustificación do período setembro-decembro de 2015 do convenio de colaboración entre o Concello de Narón e CPI O FEAL en materia de "Educación para a Saúde - Nutrición Escolar".

ANTECEDENTES:

En data 30-01-2014 apróbase polo Concello Pleno o convenio de colaboración entre o Concello de Narón e o C.P.I. O FEAL en materia de Educación para a saúde-Nutrición escolar.

A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 16-07-2015, acordou aprobar a xustificación presentada polo C.P.I. O FEAL correspondente ao período setembro – decembro 2014, a prórroga automática para o ano 2015 e o pago do 60% do importe do convenio (2.348,40€) en concepto de primeiro abono para o período xaneiro – xuño de 2015.

Mediante Resolución da Alcaldía, de data 30-12-2015, se aproba a xustificación presentada polo C.P.I. O FEAL do período xaneiro-xuño de 2015 así como o pago do 40% restante da anualidade 2015 (1.565,60€), correspondente ao período setembro-decembro de 2015.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS :

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Aministrativo Común e o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro. (TRLCSP).
- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións(LXS).
- Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, xeral de subvencións(RDXS).
- Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei das Facendas Locais.
- Ordenanza xeral de subvencións do Concello de Narón.
- Convenio de colaboración co Concello de Narón en materia de "Educación para a Saúde-Nutrición Escolar"
- Bases de execución do orzamento do exercicio 2016.

Á vista do exposto e informes emitidos pola Xefa do Servizo Sociocomunitario de datas 12 e 13 de abril de 2016,esta xefatura PROPÓN á Concelleira Delegada de Ensino e Bibliotecas, de acordo coa Resolución da Alcaldía de data 02/07/2015, eleve proposta á Xunta de Goberno Local para a adopción do seguinte acordo:

1.- Aprobar a xustificación presentada polo C.P.I. O FEAL, con C.I.F. Q-6555032I, correspondente ao período setembro - decembro 2015 do convenio de colaboración entre o Concello de Narón e o C.P.I. O FEAL en materia de "Educación para a Saúde - Nutrición Escolar".

Non obstante a Xunta de Goberno Local adoptará os acordos que estime máis oportuno.

Logo de ver dito informe fiscalizado de conformidade o día 27-04-2016 (INT10I0D1), esta Concelleira Delegada para os asuntos de Cooperación no Ensino e Bibliotecas (segundo Resolución da Alcaldía de data 02-07-2015), propón á Xunta de Goberno Local :

1.- Aprobar a proposta transcrita nos seus propios termos.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

PROPOSTA SEGUNDA.- A Xefa do Servizo Sociocomunitario, Mª Yolanda Martínez García, con data 13/04/2016, ditou o Informe-Proposta do Servizo Sociocomunitario, que textualmente transcrito di así :
"ASUNTO: Aprobación da xustificación do período setembro-decembro de 2015 do convenio de colaboración entre o Concello de Narón e ANPA GALATEA en materia de "Educación para a Saúde - Nutrición Escolar".

ANTECEDENTES:

En data 28-05-2015 apróbase polo Concello Pleno o convenio de colaboración entre o Concello de Narón e ANPA GALATEA en materia de Educación para a saúde-Nutrición escolar.

Por Resolución da Alcaldía, de data 30-10-2015, aprobouse o pago da cantidade de 2.348,40€ como primeiro abono para o período xaneiro-xuño de 2015, correspondendo ao 60% do importe asignado.

Mediante Resolución da Alcaldía, de data 30-12-2015, aprobouse a xustificación presentada pola ANPA GALATEA para o período xaneiro-xuño 2015 e ordeouse o pago da cantidade de 1.565,60€ (40% do importe total) como segundo abono para o período setembro-decembro de 2015.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS :

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Aministrativo Común e o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro. (TRLCSP).
- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións(LXS).
- Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, xeral de subvencións(RDXS).
- Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

- Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei das Facendas Locais.

- Ordenanza xeral de subvencións do Concello de Narón.

- Convenio de colaboración co Concello de Narón en materia de "Educación para a Saúde-Nutrición Escolar"

- Bases de execución do orzamento do exercicio 2016.

Á vista do exposto e informes emitidos pola Xefa do Servizo Sociocomunitario de datas 12 e 13 de abril de 2016, esta xefatura PROPÓN á Concelleira Delegada de Ensino e Bibliotecas, de acordo coa Resolución da Alcaldía de data 02/07/2015, eleve proposta á Xunta de Goberno Local para a adopción do seguinte acordo:
1.- Aprobar a xustificación presentada pola ANPA GALATEA, con C.I.F. G-15245723, correspondente ao período setembro - decembro 2015 do convenio de colaboración entre o Concello de Narón e ANPA GALATEA en materia de "Educación para a Saúde - Nutrición Escolar".

Non obstante a Xunta de Goberno Local adoptará os acordos que estime máis oportuno."

Logo de ver dito informe fiscalizado de conformidade o día 27-04-2016 (INT10I0D7), esta Concelleira Delegada para os asuntos de Cooperación no Ensino e Bibliotecas (segundo Resolución da Alcaldía de data 02-07-2015), propón á Xunta de Goberno Local :

1.- Aprobar a proposta transcrita nos seus propios termos.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

PROPOSTA TERCEIRA.- A Xefa do Servizo Sociocomunitario, Mª Yolanda Martínez García, con data 13/04/2016, ditou o Informe-Proposta do Servizo Sociocomunitario, que textualmente transcrito di así:

"ASUNTO: Aprobación da xustificación do período setembro-decembro de 2015 do convenio de colaboración entre o Concello de Narón e ANPA A BUXAINA en materia de "Educación para a Saúde - Nutrición Escolar".

ANTECEDENTES:

En data 30-01-2014 apróbase polo Concello Pleno o convenio de colaboración entre o Concello de Narón e ANPA A BUXAINA en materia de Educación para a Saúde-Nutrición Escolar.

A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria que tivo lugar o 25-06-2015, acordou aprobar a xustificación presentada pola ANPA A BUXAINA correspondente ao período setembro – decembro 2014, así como dar conta da prórroga do convenio de maneira automática para o ano 2015.

Mediante Resolución da Alcaldía, de data 12-06-2015, aprobouse o pago da cantidade de 7.761,60€ (60% do importe do convenio), como primeiro abono para o período xaneiro-xuño de 2015.

Por Resolución da Alcaldía, de data 30-12-2015, aprobouse a xustificación presentada pola ANPA A BUXAINA para o período xaneiro-xuño de 2015 e ordeouse o pago da cantidade de 5.174,40€ (40% restante) como segundo pago da anualidade 2015.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS :

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).

- Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).

- Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Aministrativo Común e o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro. (TRLCSP).

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións(LXS).

- Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, xeral de subvencións(RDXS).

- Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

- Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei das Facendas Locais.

- Ordenanza xeral de subvencións do Concello de Narón.

- Convenio de colaboración co Concello de Narón en materia de "Educación para a Saúde-Nutrición Escolar"

- Bases de execución do orzamento do exercicio 2016.

Á vista do exposto e informes emitidos pola Xefa do Servizo Sociocomunitario de datas 12 e 13 de abril de 2016,esta xefatura PROPÓN á Concelleira Delegada de Ensino e Bibliotecas, de acordo coa Resolución da Alcaldía de data 02/07/2015, eleve proposta á Xunta de Goberno Local para a adopción do seguinte acordo:

1.- Aprobar a xustificación presentada pola ANPA A BUXAINA, con C.I.F. G-15365885, correspondente ao período setembro - decembro 2015 do convenio de colaboración entre o Concello de Narón e ANPA A BUXAINA en materia de "Educación para a Saúde - Nutrición Escolar".

Non obstante a Xunta de Goberno Local adoptará os acordos que estime máis oportuno."

Logo de ver o dito informe fiscalizado de conformidade o día 27-04-2016 (INT10I0CM), esta Concelleira Delegada para os asuntos de Cooperación no Ensino e Bibliotecas (segundo Resolución da Alcaldía de data 02-07-2015), propón á Xunta de Goberno Local :

1.- Aprobar a proposta transcrita nos seus propios termos.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

PROPOSTA CUARTA.- A Xefa do Servizo Sociocomunitario, Mª Yolanda Martínez García, con data 13/04/2016, ditou o Informe-Proposta do Servizo Sociocomunitario, que textualmente transcrito di así:

"ASUNTO: Aprobación da xustificación do período setembro-decembro de 2015 do convenio de colaboración entre o Concello de Narón e ANPA A SOLAINA en materia de "Educación para a Saúde - Nutrición Escolar".

ANTECEDENTES:

En data 30-01-2014 apróbase polo Concello Pleno o convenio de colaboración entre o Concello de Narón e ANPA A Solaina en materia de Educación para a saúde-Nutrición escolar.

A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria de data 23-04-2015, acordou aprobar a xustificación presentada pola ANPA A SOLAINA correspondente ao período setembro – decembro 2014, a prórroga automática para o ano 2015 e o pago do 60% do importe do convenio (3.960,00€) en concepto de primeiro abono para o período xaneiro – xuño de 2015.

A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria que tivo lugar o día 23-12-2015 acordou, entre outros asuntos, aprobar a xustificación presentada pola ANPA A SOLAINA, correspondente ao período xaneiro-xuño de 2015.

Mediante Resolución da Alcaldía, de data 30-12-2015, se aproba o pago do 40% restante da anualidade 2015 (2.640,00€), correspondente ao período setembro-decembro de 2015.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS :

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Aministrativo Común e o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro. (TRLCSP).
- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións(LXS).
- Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, xeral de subvencións(RDXS).
- Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei das Facendas Locais.
- Ordenanza xeral de subvencións do Concello de Narón.
- Convenio de colaboración co Concello de Narón en materia de "Educación para a Saúde-Nutrición Escolar"
- Bases de execución do orzamento do exercicio 2016.

Á vista do exposto e informes emitidos pola Xefa do Servizo Sociocomunitario de datas 12 e 13 de abril de 2016,esta xefatura PROPÓN á Concelleira Delegada de Ensino e Bibliotecas, de acordo coa Resolución da Alcaldía de data 02/07/2015, eleve proposta á Xunta de Goberno Local para a adopción do seguinte acordo:

1.- Aprobar a xustificación presentada pola ANPA A SOLAINA, con C.I.F. G-15059702, correspondente ao período setembro - decembro 2015 do convenio de colaboración entre o Concello de Narón e ANPA A Solaina en materia de "Educación para a Saúde - Nutrición Escolar".

Non obstante a Xunta de Goberno Local adoptará os acordos que estime máis oportuno".

Logo de ver dito informe fiscalizado de conformidade o día 27-04-2016 (INT10I0CN), esta Concelleira Delegada para os asuntos de Cooperación no Ensino e Bibliotecas (segundo Resolución da Alcaldía de data 02-07-2015), propón á Xunta de Goberno Local :

1.- Aprobar a proposta transcrita nos seus propios termos.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

7 **.- DAR CONTA DE VARIAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DE LIQUIDACIÓNS CORRESPONDENTES AO 1 º TRIMESTRE DE 2016 A ENDESA ENERGIA S.A.U. E ENDESA ENERGÍA XXL, S.L.U. COMERCIALIZADORA ULTIMO RECURSO.**.- Dase conta das seguintes resolucións:

A/ **RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA**

BEGINBODY_ACUERDO

Vistas las liquidaciones presentadas por **ENDESA ENERGÍA, S.A.U.**, con **CIF.- A-81948077**, relativas a la **tasa por ocupación del suelo, subsuelo y vuelo de la vía pública** por **gas baja presión** y **electricidad**, correspondientes al **1º TR/2016**, con una base imponible total de 281.808,47 €., por aplicación del tipo impositivo del **1,5 %** le corresponde una tasa de **4.227,13 €.**, y que desglosado queda de la siguiente forma:

GAS BAJA PRESION	
ENERO	1.715,30.- €
FEBRERO	27.025,62.- €
MARZO	2.112,78.- €
TOTAL.:	**30.853,70.- €**
ELECTRICIDAD	
ENERO	91.210,48.- €
FEBRERO	55.786,09.- €
MARZO	103.958,20.- €
TOTAL.:	**250.954,77.- €**

Esta Alcaldía-Presidencia, **RESUELVE**:

PRIMERO.- **Aprobar las liquidaciones** relativas a la tasa por ocupación del suelo, subsuelo y vuelo de la vía pública correspondiente al **1º TR/2016** por **gas baja presión** y **energía eléctrica** a Endesa Energía S.A.U., por importe total de **4.227,13 €.**

SEGUNDO.- **Dar cuenta** de esta resolución de la alcaldía a la **Xunta de Goberno Local**, a los servicios económicos y al interesado a los efectos oportunos.

Asinado dixitalmente por:
O alcalde-presidente
José M.Blanco Suárez
03/05/16

Ante min.
(Dou fe da identidade do asinante)
O Secretario xeral
Alfonso de Prado Fernández-Canteli
03/05-16

A Xunta de Goberno Local, deuse por enterada.

B/ **RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA**

BEGINBODY_ACUERDO

Vistas las liquidaciones presentadas por **ENDESA ENERGÍA XXI, S.L.U. COMERCIALIZADORA ÚLTIMO RECURSO**, con **CIF.- B-82846825**., relativas a la **tasa por ocupación del suelo, subsuelo y vuelo de la vía pública** por suministro de **energía eléctrica** correspondiente al **1º TR/2016**, con una base imponible de 799,28 €., por aplicación del tipo impositivo del **1,5 %** le corresponde una tasa de **11,99 €**., y que desglosado queda de la siguiente forma:

ELCTRICIDAD	
ENERO	506,43.- €
MARZO	292,85.- €
TOTAL.:	**799,28.- €**

Esta Alcaldía-Presidencia, **RESUELVE**:

PRIMERO.- **Aprobar la liquidación** de la tasa por ocupación del suelo, subsuelo y vuelo de la vía pública por suministro de **energía eléctrica** correspondiente al **1º TR/2016** a Endesa Energía XXI, S.L.U., por importe total de **11,99 €.**

SEGUNDO.- **Dar cuenta** de esta resolución de la alcaldía a la **Xunta de Goberno Local**, a los servicios económicos y al interesado a los efectos oportunos.

Asinado dixitalmente por:
O alcalde-presidente
José M.Blanco Suárez
03/05/16

Ante min.
(Dou fe da identidade do asinante)
O Secretario xeral
Alfonso de Prado Fernández-Canteli
03/05-16

A Xunta de Goberno Local, deuse por enterada.

8º.- ROGOS E PREGUNTAS

E non habendo máis asuntos que tratar, a Presidencia levanta a xuntanza, sendo as 11:15 horas da data indicada na cabeceira, en proba de todo o que se estende a presente acta que é asinada polo Sr. alcalde comigo o secretario xeral que DÁ FE.

V. e pr.

O ALCALDE-PRESIDENTE

Asdo.- JOSÉ M. BLANCO SUÁREZ

O SECRETARIO XERAL

Asdo.- ALFONSO DE PRADO FERNÁNDEZ-CANTELI